

Xosé Carlos Caneiro recolle o premio Blanco Amor

Dende as terras de Verín se achegou o venres pasado [Xosé Carlos Caneiro](#) ata Oleiros para recibir o premio Blanco Amor, fallado xa a finais de setembro, pola súa novela *Ébora*.

- 21:39 17/12/2000

O infortunio da soidade principiaba un proxecto de pentalexía literaria de Caneiro. Hai xa oito anos daquilo. E o escritor verinés segue, incansable, parindo historias do seu imaxinario persoal. Certo escritor andaluz, que viña de descubrir con abraio e placer as súas novelas dicía del que Caneiro "máis parece unha cofradía de escritores e poetas que unha soa persoa". Así se facía eco do vizoso maxín literario de Carlos Caneiro. De mago calificabao nun artigo ó fio da presentación de UN xogo de Apócrifos, na súa tradución ó español.

Xa que logo, Caneiro recibiu en Oleiros, no centro cultural A Fábrica de Perillo, o premio desta XIX edición do premio Blanco Amor. "A procura incesante da felicidade absoluta", foi a frase que adicou ó seu ciclo literario. Que sexa por moitos anos.

O acto serviu ademais para sortear-lo próximo concello encargado de organiza-lo certame Eduardo Blanco Amor. O *afortunado* foi Vilagarcía de Arousa. Pero por si acaso, que nestas cousas da cultura a oficialidade ás veces e nugallá, elixíronse dous suplentes, Allariz e Poio.